



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 29/03/2021 13:49:49

SAIDA 4973/21

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

Reclamante [REDACTED], en representación do [REDACTED] nal
[REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 5/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación do [REDACTED] [REDACTED] mediante escrito do 13 de xaneiro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de marzo de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación do [REDACTED] [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de xaneiro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Delegación Territorial de Pontevedra, ao informe desfavorable emitido pola inspección educativa sobre o [REDACTED], e os parámetros utilizados para realizar o informe sobre o centro.

O reclamante indicaba que no ano 2020 pola inspección da Delegación de Educación en Vigo realizouse un informe negativo do seu centro para os concertos educativos, sen visitar o centro nin solicitar ningunha información sobre o mesmo.

Despois da negativa da inspectora para dar acceso ao informe, solicitouse vía email á inspección educativa en Pontevedra e posteriormente ao Delegado Territorial de Educación

sen obter resposta. Solicitan o informe dado que no ano 2021 volven a participar na adjudicación de concertos educativos e descoñece cales son os parámetros que se utilizan pola delegación para realizar o informe sobre o seu centro.

De conformidade co disposto nos artigos 5 e 11 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao reclamante se lle solicitou que acreditase a representación de do Centro de Formación que di exercer, por calquera medio válido en dereito, así como acreditar a súa identidade mediante a remisión de copia do seu DNI, acreditación e identificación que realizou dentro do prazo concedido ao efecto.

Segundo. Con data do 20 de xaneiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 3 de febreiro de 2021.

Terceiro. Con data do 23 de febreiro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a solicitude de información pública presentada polo reclamante resolveuse e notificouse ao interesado con data do 14 de xaneiro de 2021, constando recepción por parte deste o mesmo día.

Engade que o reclamante xa presentara queixa ante o Valedor do Pobo pola mesma circunstancia (T.6.Q/3382/20) e a Consellería emitiu o correspondente informe o 21/10/2020 no que se indicaba que, como interesado no procedemento, [REDACTED] debía solicitar formalmente o informe a través do formulario PRO13A-Información particular.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que establece o artigo 27.2 da Lei 1/2016, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou o acceso á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a un informe desfavorable emitido pola inspección educativa sobre [REDACTED], e os parámetros utilizados para realizar o informe sobre o centro, que debemos entender que forma parte dun expediente que na data da solicitude, 1 de decembro de 2020, estaba finalizado. A finalidade de obtención da información, era volver a participar no ano 2021, no procedemento de adxudicación de concertos educativos, para o que necesitan coñecer os parámetros que se utilizan para a realización do informe que serve de base á adxudicación dos concertos. Por tanto, a solicitude presentada debe entenderse como unha solicitude de acceso á información pública, de acordo co disposto nos artigos 24 da Lei 1/2016 e 13 da Lei 19/2013.

Se ben a Consellería informa que a solicitude de acceso á información resolveuse e notificouse ao interesado con data do 14 de xaneiro de 2021, engade que o reclamante xa presentara queixa ante o Valedor do Pobo pola mesma circunstancia (T.6.Q/3382/20) e a Consellería emitiu o correspondente informe o 21/10/2020 no que se indicaba que, como interesado no procedemento, debía solicitar formalmente o informe a través do formulario PRO13A- Información particular.

A este respecto, é necesario lembrar que o artigo 17 da Lei 19/2013, establece que as solicitudes de acceso á información poden presentarse por calquera medio que permita ter constancia da identidade do solicitante, da información que se solicita, unha dirección de contacto e de ser o caso, a modalidade na que prefira acceder á información. O artigo 26 da Lei 1/2016, establece que a Administración ten a obriga de orientar e asesorar ao cidadá para o exercicio do seu dereito de acceso, e para fomentar a presentación de solicitudes, a Administración ofrecerá modelos normalizados de solicitude.

Por tanto, se ben a Consellería, no caso de que considera que a solicitude non reunía os requisitos que establece o citado artigo 27, debe de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requirilo para que a emende, con indicación de que, si así non o fixera, se lle terá por desistido da súa petición, pero sen que proceda, en ningún caso, non resolver ou denegar a solicitude polo feito de que non estea presentada nun formulario que foi creado para obter información particular, ou nun formulario creado para fomentar a presentación electrónica de solicitudes.

De acordo co anterior, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada, debendo lembrar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 13 de xaneiro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, Delegación Territorial de Pontevedra, sobre o informe desfavorable emitido pola inspección educativa

sobre o [REDACTED], e os parámetros utilizados para realizar o informe sobre o centro

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.03.29 13:01:21 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.